

ACTA Nº 10/2005 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Ramón del Valle López (Subdirector Xeral de Persoal)

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga (Vicesecretaria Xeral) e Enriqueta Vía Leira (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas).

C. de Economía e Facenda: M^a Blanco Aller, M^a Dolores Rodríguez Amaya e Ulpiano Villanueva Rodríguez (Intervención Xeral).

C. de Innovación e Industria: Lourdes Courtier Ramos

C. de Medio Rural: Alberte Souto Souto

C. de Cultura e Deporte: Miguel Ares Casal

C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras

C. de Sanidade: José M. Ferreiro Fernández

C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: M^a Loudes Batán Aira

C. de Vivenda e Solo: Enrique Urdiales de Santiago

Polas organizacións sindicais:

CCOO: Emilio Doforno Guzmán e Manuel García Cendón

UGT: Rosario Valledor Puente

CSI-CSIF: M^a del Carmen Piñeiro Lampón e Carmen Noya Castro

Secretario: Andrés Castro Bande

En Santiago de Compostela, sendo as 13:00 horas do día 14 de decembro de 2005, reúnese, en sesión extraordinaria, na Aula nº 1 (colmeiro) da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

Punto único: Proposta de reparto lineal do incremento do plus de funcións de 450.000 € ao persoal laboral derivado do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 26 de maio de 2005, e con efectos retroactivos do 1 de xaneiro de 2005.

Con carácter previo, reseñar a incomparecencia dos representantes da organización sindical CIG e a queixa da representante da organización sindical UGT pola incomparecencia dos Sres. Secretarios Xerais.

* Os representantes das organizacións sindicais CCOO, UGT e CSI-CSIF

- Reiteran o manifestado na Mesa Xeral; basicamente que están de acordo con que o reparto sexa lineal, consolidable e con efectos retroactivos, pero non coa cantidade proposta que lles parece insuficiente. Abstéñense.

* Os representantes das organizacións sindicais CCOO e UGT solicitan escusas por parte do Director Xeral da Función Pública, no sentido de que cando se negocia a Masa Salarial non se inclúen as cotizacións sociais, que se suman con posterioridade.

* O Sr. Director Xeral da Función Pública, entende que non ten por qué pedir escusas polo tono empregado - ao entender que foi correcto- e si polo erro de incluír na Masa Salarial obxecto de negociación as cotizacións sociais, do que xa se desculpou con anterioridade.

Finalmente, infórmase favorablemente a Proposta de reparto co voto favorable dos representantes da Administración e a abstención das organizacións sindicais CCOO, UGT e CSI-CSIF.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 12:00 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e prace,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS
DE PRESIDENTE**

O SECRETARIO

José Rodríguez González

Andrés Castro Bande